

PROGRAMACIÓN DO MÓDULO 4

CódigoCS0018

De Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas
e Deportivas

ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS CON

IMPLEMENTOS

PROFESORA: PILAR GAGO RODRÍGUEZ

CURSO: 20117-2018

Índice:

| | |
|---|-----------|
| 1. <i>Introdución</i> | 6 |
| Normativa: | 6 |
| 2. <i>concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito productivo</i> | 7 |
| 3. <i>Bloques de contidos</i> | 9 |
| 4. <i>Partes do Módulo</i> | 9 |
| 4.1. <i>U.D. Primeira: Conceptos xerais sobre as actividades físico-deportivas con implementos</i> | 9 |
| 4.1.1. <i>Obxectivos didácticos</i> | 10 |
| 4.1.2. <i>Contidos conceptuais</i> | 10 |
| 4.1.3. <i>Contidos procedimentais</i> | 10 |
| 4.1.4. <i>Contidos actitudinais</i> | 10 |
| 4.1.5. <i>Temporalización</i> | 11 |
| 4.1.6. <i>Recursos</i> | 11 |
| 4.1.7. <i>Metodoloxía</i> | 11 |
| 4.1.8. <i>Avaliación:</i> | 11 |
| 4.1.9. <i>CRITERIOS de avaliación específicos</i> | 12 |
| 4.1.10. <i>Procedimientos e instrumentos específicos de avaliación:</i> | 12 |
| 4.1.11. <i>Criterios de cualificación</i> | 12 |
| 4.1.12. <i>Mínimos esixibles</i> | 12 |
| 4.2. <i>U.D.Segunda do módulo 4: O Bádminton</i> | 13 |
| 4.2.1. <i>Obxectivos didácticos</i> | 13 |
| 4.2.2. <i>Contidos conceptuais</i> | 13 |
| 4.2.3. <i>Contidos procedimentais</i> | 14 |
| 4.2.4. <i>Contidos actitudinais</i> | 14 |
| 4.2.5. <i>Temporalización</i> | 14 |
| 4.2.6. <i>Recursos</i> | 16 |
| 4.2.7. <i>Metodoloxía</i> | 16 |
| 4.2.8. <i>Avaliación:</i> | 16 |
| 4.2.9. <i>Criterios específicos de avaliación</i> | 16 |
| 4.2.10. <i>Procedementos e instrumentos específicos de avaliación</i> | 17 |
| 4.2.11. <i>Criterios de cualificación</i> | 17 |

| | |
|---|-----------|
| 4.2.12. Mínimos esixibles..... | 18 |
| 4.3. U.D. Terceira: O Prebeisboll..... | 18 |
| 4.3.1. Obxectivos didácticos..... | 19 |
| 4.3.2. Contidos conceptuais..... | 19 |
| 4.3.3. Contidos procedimentais..... | 19 |
| 4.3.4. Actitudinais..... | 19 |
| 4.3.5. Temporalización..... | 19 |
| 4.3.6. Recursos..... | 20 |
| 4.3.7. Metodoloxía..... | 20 |
| 4.3.8. Avaliación..... | 20 |
| 4.3.9. Criterios específicos de avaliación..... | 20 |
| 4.3.10. Procedementos e instrumentos específicos de calificación..... | 21 |
| 4.3.11. Criterios de cualificación..... | 21 |
| 4.3.12. Mínimos esixibles..... | 21 |
| 4.4. U.D. Parte cuarta: O Unihockey ou Floorball..... | 22 |
| 4.4.1. Obxetivos didácticos..... | 22 |
| 4.4.2. Contidos conceptuais..... | 22 |
| 4.4.3. Contidos procedimentais..... | 22 |
| 4.4.4. Contidos actitudinais..... | 23 |
| 4.4.5. Temporalización..... | 23 |
| 4.4.6. Recursos..... | 24 |
| 4.4.7. Metodoloxía..... | 24 |
| 4.4.8. Avaliación:..... | 24 |
| 4.4.9. Criterios específicos de avaliación..... | 24 |
| 4.4.10. Procedementos e instrumentos de avaliación..... | 24 |
| 4.4.11. Criterios de cualificación..... | 25 |
| 4.4.12. Mínimos esixibles..... | 26 |
| 4.5. U.D. Quinta: A Patinaxe: As actividades con patíns e a integración do stick, exemplo o Streck Hockey..... | 26 |
| 4.5.1. Obxectivos didácticos..... | 26 |
| 4.5.2. Contidos conceptuais..... | 27 |
| 4.5.3. Contidos procedimentales..... | 27 |
| 4.5.4. Contidos actitudinalis..... | 27 |
| 4.5.5. Temporalización..... | 28 |

| | |
|---|-----------|
| 4.5.6. Recursos | 29 |
| 4.5.7. Metodoloxía..... | 29 |
| 4.5.8. Avaliación..... | 29 |
| 4.5.9. Criterios específicos de avaliación. | 30 |
| 4.5.10. Procedementos e instrumentos específicos de avaliación | 30 |
| 4.5.11. Criterios de cualificación | 30 |
| 4.5.12. Mínimos esixibles..... | 31 |
| 4.6. U.D. Sexta: O Tenis e Minitenis..... | 31 |
| 4.6.1. Obxetivos didácticos..... | 32 |
| 4.6.2. Contidos conceptuais..... | 32 |
| 4.6.3. Contidos procedimentais..... | 32 |
| 4.6.4. Contidos actitudinais..... | 32 |
| 4.6.5. Temporalización..... | 33 |
| 4.6.6. Recursos | 33 |
| 4.6.7. Metodoloxía..... | 34 |
| 4.6.8. Avaliación..... | 34 |
| 4.6.9. Criterios específicos de avaliación | 34 |
| 4.6.10. Procedementos e instrumentos específicos de avaliación | 34 |
| 4.6.11. Criterios de cualificación | 35 |
| 4.6.12. Mínimos esixibles..... | 35 |
| 5. Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación | 36 |
| 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas..... | 37 |
| 6.1. Procedemento para definir as actividades de recuperación | 37 |
| 6.2. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua: Examen final | 38 |
| 6.3. Criterios de cualificación:..... | 38 |
| 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente..... | 39 |
| 8. Medidas de atención á diversidade..... | 41 |
| 8.1. Procedemento para a realización da avaliación inicial | 41 |
| 8.2. Medidas de reforzó educativo para o alumnado que non responde globalmente aos obxectivos programados..... | 42 |
| 9. Aspectos transversais | 42 |

PROGRAMACIÓN DO MÓDULO 4

| | |
|--|-----------|
| 9.1. Actividades complementarias e extraescolares..... | 42 |
| 9.2. Programación da educación en valores..... | 42 |
| 10. Modificacións propostas a programación do curso anterior..... | 43 |

1. Introducción

O presente módulo pretende abranguer as actividades físico-deportivas con implementos tendo presente que estas constitúen unha categoría moi ampla e, que á vez non está suficientemente caracterizada no ámbito deportivo.

Dentro dela pódense situar dende os deportes de bate, os de stick, os de pau, raqueta, arco, e calquera outro para a práctica da cal se precise dun utensilio ou instrumento que adoita facer as veces de prolongación do bloque do brazo e a man, que xeralmente serve para golpear, lanzar ou conducir un móbil (pelota, pastilla, frecha, etc.)

Nesta categoría teñen cabida tanto os deportes que coñecemos como individuais, como por exemplo, o golf, como os denominados colectivos, como por exemplo, o hóckey, ou outros denominados alternativos.

A orientación fundamental do módulo encamiñárase cara á dinamización e ensino de actividades deportivas de forma fundamentada, creativa e adaptada aos distintos contextos que podemos atopar.

Preténdese dotar os técnicos en animación da bagaxe necesaria para poder cubrir con eficacia o que representa o aspecto recreativo das actividades físico-deportivas con implementos.

O presente módulo desenvolverase ao longo do 1º, 2º e 3º Trimestre cun total de 160 horas.

Finalizarei engadindo que a selección dunhas actividades sobre outras posibles a incluír dentro da programación foi baseándose en varios criterios:

1. Interese para a súa posterior aplicación-utilización
2. Dispoñibilidade de instalación e material necesario para a súa práctica
3. Dispoñibilidade horaria.
4. Dispoñibilidade de desprazamento e transporte.

Normativa:

A normativa que da soporte á programación e a seguinte:

- Decreto 91/1999 do 25 de Marzo polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente o título de técnico superior en animación de actividades físicas.
- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia(DOG do 12 de xullo).

- Orde do 12 de xullo do 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.
- Decreto 229/2011, do 7 de Decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade(DOG do 17 de Decembro)
- ORDE do 12 de xuño de 2017 polo que se aproba o calendario escolar para o curso 2017/18 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 3 de Agosto de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de Formación Profesional do sistema educativo no curso 2017/18.

2. Concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito productivo

En xeral, o alumno de 1º TSAAFD deberá ser capaz a través do módulo de Animación de Actividades físico-deportivas con Implementos (destacamos en negrilla as capacidades a desenvolver máis directamente dende o ámbito deste **módulo1, 2, 3, 5, 7, 9, 11, 15.**) e aparecen sen destacar as capacidades a desenvolver nos outros ámbitos do currículo do ciclo e nas que se colaborará sentando as bases correspondentes neste módulo

Os obxectivos xerais que se establecen para o ciclo formativo son os seguintes:

- 1. Diseñar e implementar programacións de ensino e animación de actividades físico-deportivas.**
- 2. Confeccionar e implementar programacións de actividade básica de acondicionamento físico con rigor científico e didáctico e tendo en conta as características do público ao que se dirixen .**
- 3. Analizar e executar as operacións necesarias para o desenvolvemento de actividades físico-deportivas con implementos.**

4. Coñecer a lexislación vixente aplicable á seguridade e hixiene en ximnasios, polideportivos e outras instalacións deportivas a utilizare os protocolos a seguir no caso de sinistros
5. **Contextualizar a profesión de animador de actividades físico-deportivas, contextualizándoa nos ámbitos de intervención social, ocio, recreación e turísticos.**
6. Avaliar a calidade da actividade realizada, confrontando os resultados obtidos cos resultados previstos.
7. **Establecer unha eficaz comunicación verbal, escrita e xestual para transmitir e recibir correctamente información.**
8. Caracterizar xogos de diferente tipo como recurso para optimizar aprendizaxes motoras ou doutros ámbitos e valorar a metodoloxía lúdica en animación deportiva.
9. **Aplicar os fundamentos científicos e didácticos no ensino das habilidades motrices básicas e específicas no contexto da animación das actividades físico-deportivas.**
10. Utilizar e buscar fontes de información e formación relacionadas co exercicio da profesión que posibiliten o coñecemento e a inserción no sector das actividades físico-deportivas e, a evolución e adaptación das capacidades profesionais propias, aos cambios tecnolóxicos e organizativos que se producirán ao longo de toda a vida activa.
11. **Aplicando os fundamentos teóricos xurdidos das ciencias humanas, intervir dinamizando as sesións de acondicionamento fisicodeportivo, favorecendo as relacións persoais e, fomentando actitudes e hábitos saudables.**
12. Seguir os procedementos establecidos e actuar de xeito eficaz fronte as continxencias.
13. Identificar os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais.
14. Resolver situacións conflictivas, tanto no entorno de traballo como nas relacións cos clientes.
15. **Aprender a aprender e adaptarse os cambios tecnolóxicos, organizativos e sociais que se producen no tempo.**
16. Dominar as técnicas de evacuación, rescate acuático e administración de primeiros auxilios.
17. Comprender e aplicar o marco legal, económico e organizativo que regula e condiciona as actividades profesionais no ámbito da recreación deportiva

3. Bloques de contidos

Os contidos do presente módulo agrúpoos en tres grandes bloques utilizando como criterio o tipo de implemento que empregan.

Á súa vez dentro de cada bloque integro varias actividades físico-deportivas que gardan similitudes entre se, co fin de conseguir transferencias que faciliten a súa aprendizaxe, acurtando o período de asimilación e, posibilitando pasar dunha unidade de traballo a outra sen grandes dificultades.

Resumindo os contidos agrúpoos en tres grandes bloques:

3.1. Aquelas actividades físico-deportivas que utilizan como implementar unha pa ou Raqueta

3.2. Aquelas actividades físico-deportivas que utilizan como implemento un pau ou Stick,

3.3. Aquelas actividades físico-deportivas que utilizan un bate.

4. Partes do Módulo

Este módulo distribúoo en sete unidades didácticas que se van desenvolvendo ao longo do curso e abranguendo os diferentes trimestres.

5.1. **U.D. primeira: Conceptos xerais** sobre as actividades físico-deportivas con implementos

5.2. **U.D segunda: O Bádminton**

5.3. **U.D. terceira: O Prebeisboll**

5.4. **U.D. cuarta: O Unihockey ou Floorball**

5.5. **U.D. quinta: A Patinaxe. As actividades con patíns e o streck Hockey**

5.6. **U.D. sexta: O Tenis e mini-tenis**

4.1.U.D. Primeira: Conceptos xerais sobre as actividades físico-deportivas con implementos.

Esta unidade fórmulase como unha introdución aos contidos xerais do módulo. Con ela preténdese que o alumnado vaia asimilando unha base

teórica necesaria para comprender o concepto de deporte nas súas diversas manifestacións ,as características comúns dos deportes con implementos, a importancia de coñecer e utilizar as clasificacións do deporte na procura de facilitar a súa ensinanza e aprendizaxe, así como os aspectos técnicos, tácticos e regulamentarios dos deportes a tratar. Preténdese tamen que coñeza e diferencie os ámbitos de actuación na iniciación deportiva.

4.1.1. Obxectivos didácticos

- Coñecer os diferentes aspectos e manifestacións do deporte así como a dimensión lúdica, agonística, normativa e simbólica deste.
- Coñecer e diferenciar os condicionantes da iniciación deportiva tanto a nivel intrínseco coma a nivel extrínseco.
- Coñecer as características e diferentes clasificacións dos deportes segundo diferentes criterios.
- Coñecer os parámetros configuradores da estrutura dos diferentes deportes.
- Coñecer as características das actividades físico-deportivas con implementos.

4.1.2. Contidos conceptuais

- Concepto de deporte. Diferentes conceptos a través da historia
- O deporte como obxecto de estudio praxiológico.
- A estrutura dos deportes.
- Características.
- Clasificacións
- Os parámetros configuradores da súa estrutura
- Os deportes con implementos
- Os deportes con implementos orientados a recreación

4.1.3. Contidos procedimentais

- Exposicións teóricas de cada un dos apartados a contemplar.
- Presentacións en power point
- Debates entorno o xogo, animación,ocio, recreación.
- Proxeccións de videos.

4.1.4. Contidos actitudinais

- Valoración e respecto das opinións que xurdan nos diferentes debates.

- Afán de superación como recurso básico para solucionar as dificultades no aprendizaxe e no traballo.
- Puntualidade, aceptación das normas é a organización como premisa social para tratar cos compañeiros/as é o profesor, así como cos futuros usuarios/clientes.

4.1.5. Temporalización.

1º Sesión Conceptos xerais. Definicións. Ámbitos de desenvolvemento dentro do proceso de iniciación: Lúdico, ocio, educativo, federativo.

2º Sesión. Clasificación dos xogos deportivos e deportes. Estructura das clasificacións

3º Sesión. Clasificacións deportivas: Parlebas. Hernández.

4º Sesión. Coñecemento dos deportes a través da análise das súas estruturas. Os parámetros configuradores da estrutura dos deportes

5º Sesión. A táctica. O proceso táctico. A estratexia.

6º Sesión. As actividades físico-deportivas con implementos. Os deportes de raqueta

7º Sesión. O bádminon

8º Sesión. Vídeos relacionados co tema

4.1.6. Recursos

Aula. Na aula 14 dispoñemos de equipamento multimedia con internet. Os contidos conceptuais expoñense a través da presentación en Power Point. Proporcionaranse os alumnos apuntamentos elaborados polo profesor, así como a bibliografía recomendable de consulta. Utilizaremos a mesma o soporte do vídeo naqueles casos nos que sexa indicado.

4.1.7. Metodoloxía

Combinarase a participación activa do alumno nas partes que requiran de debate coas exposicións teóricas do profesor .

4.1.8. Avaliación:

Inicial:

No transcurso da primeira semana co fin de valorar os seus coñecementos no tema a tratar se lle pide os alumnos-as que elaboren os seus conceptos e definicións nos que recollen o que eles entenden por deporte, xogo ,actividade física, exercicio físico, actividade fisico-deportiva de ocio etc

4.1.9. CRITERIOS de avaliación específicos

1. Demostrar que se asimilou o concepto de estrutura deportiva, clasificación deportiva así como a caracterización dos deportes con implemento en dita estrutura.
2. Elaborar e presentar as actividades e traballos en tempo e forma,segundo as directrices establecidas .
3. Participar activamente no desenvolvemento das actividades
4. Nota de clase: na que se reflectan aqueles aspectos relativos as actitudes,valores e normas , asi como a asistencia

4.1.10. Procedimientos e instrumentos específicos de avaliación:

- **Proba teórica escrita**, realizada na clase ca que os alumnos/as demostren suficientemente os seus coñecementos sobre a estrutura dos deportes , a clasificación dos deportes según diversos autores, as características dos deportes con implementos dentro de dita estrutura, así como os fundamentos básicos da enseñanza/animación nos deportes con implementos.
- **Seguimento diario** por parte do profesor, **utilizando listas de control**, relativo a actitude do alumno a súa participación nos debates, presentación das tarefas, asistencia, puntualidade etc,.

4.1.11. Criterios de cualificación

Durante o primeiro trimestre **levaráse a cabo un control escrito** utilizando como soporte os apuntamentos subidos a aula virtual, tendo en conta que os mesmos se ampliaron durante o seu desenvolvemento teórico e coa recomendación das consultas bibliográficas citadas na aula.

O devandito control valorarase **sobre 4,25 puntos** establecéndose como requisito a necesidade de alcanzar a cualificación de **2,25 para considerar a proba superada**.

4.1.12. Mínimos esixibles

- O alumno ao final da unidade deberá de ser capaz de aplicar as clasificacións utilizadas en clase para poder ordear as diferentes actividades deportivas con implementos que se lle formulen.

- O alumno deberá ser capaz de definir as características dos deportes con implementos, o material a utilizar, e as instalacións precisas para levar a cabo a súa práctica.
- O alumno deberá ser capaz de diferenciar os diferentes ámbitos deportivos de actuación.

4.2.U.D.Segunda do módulo 4: O Bádminton

O bádminton precisa un material non moi caro, permite mobilizar un amplo número de alumnos simultaneamente e, para unha iniciación, non precisa un nivel técnico elevado.

Por todo iso, presento esta unidade como introdución ao ámbito dos deportes de raqueta porque, ademais, favorece a aprendizaxe posterior doutras modalidades posto que existe unha grande similitude técnica entre eles, facilitando unha transferencia positiva.

Desenvolverase **durante o primeiro trimestre**

4.2.1. Obxectivos didácticos

- Coñecer as orixes do bádminton, as características das instalacións, o material que se precisa, as modalidades e, os diferentes aspectos técnicos e tácticos que o caracterizan.
- Coñecer o regulamento que se aplica na práctica e competición do bádminton.
- Participar activamente na organización, dirección e execución dunha competición deportiva.
- Programar actividades e tarefas analizando a dificultade das diferentes técnicas e adecuándoas ás características dos individuos aos que van dirixidas, tendo en conta o material e a instalación da que se dispón.
- Aceptar e respectar as opinións dos demais, así como os diferentes graos de habilidade entre as persoas.

4.2.2. Contidos conceptuais

- Orixe do bádminton. Coñecemento dos países onde se practica preferentemente. A súa implantación a nivel autonómico e provincial.
- As diferentes modalidades.
- Aspectos regulamentarios. O material. As instalacións. Sistema de puntuación.
- Elementos técnicos. Golpes. Desprazamentos. Erros mais comúns.
- Fases de execución de cada un dos diferentes movementos técnicos.
- Elementos tácticos. A táctica de xogo nas súas diversas modalidades.
- Análisis do reglamento, instalacións e material .
- Metodoloxía da enseñanza e organización.
- Adaptación as persoas con discapacidade.

4.2.3. Contidos procedimentais

- Utilización dos xogos cas raquetas e os voantes de badminton
- Realización das gestoformas e habilidades básicas do bádminton
- Utilización e aplicación eficaz dos elementos técnicos, tácticos e regulamentarios propios do bádminton.
- Observación das execucións sacando consecuencias lóxicas dos posibles erros e achegando actuacións posibles para a súa corrección.
- Planificación e utilización do bádminton con fins recreativos.
- Dirixir e dinamizar diferentes tipos de tarefas, sesións e programacións aplicando adecuadamente a metodoloxía.
- Visionar videos de encontros de badminton de distintas categorías e niveis.

4.2.4. Contidos actitudinais

- Aceptación dos diversos niveis de habilidade motora e condición física propios e dos compañeiros.
- Disposición favorable á autoesixencia e superación dos propios límites.
- Aceptación e acatamento das normas e do regulamento así como das decisións que da aplicación se xeren polas persoas que o aplican
- Toma de conciencia das posibilidades recreativas do bádminton..

4.2.5. Temporalización

1º Sesión: A pista de xogo. A raqueta .O agarre .As habilidades básicas coa raqueta e a pluma.Xogos con raquetas.**Avaliación inicial.**

2º Sesión: Xogos con raquetas. A posición básica, a colocación no campo, Os golpes por enriba da cabeza: **o Clear do dereito** e, **o saque longo. Xogo libre**

3º Sesión: Xogos con raquetas. Repaso do anterior. Desprazamento cara a atrás do lado dereito. Xogo libre.

4º Sesión. A posición de espera ante o servizo. **O saque curto.** Repaso do anterior. **O lob.** Xogo libre.

5º Sesión: Repaso do anterior. Saque longo e clear combinados. Saque curto e lob combinados. Xogo libre.

6º Sesión: Desprazamentos cara a atrás lado esquerdo. **O golpe de Clear no lado esquerdo.** Por parellas combinar saque longo devolución Clear do revés. Combinar saque ao lado esquerdo ou dereito devolución en Clear. Xogo libre levando a puntuación de individuais.

7º Sesión: A deixada alta no lado dereito. Combinar saque, deixada alta e lob. **O Saque do revés.** Xogo libre dobres.

8º Sesión: O smach ou remate. Saque alto a media pista e devolución en remate ou deixada longa. Saque curto de dereito ou revés e devolución en lob ou remate. Xogo libre de dobres.

9º Sesión: Combinar desprazamento lado dereito atrás e desprazamento lado esquerdo atrás. Idem combinándoo con dous saques e devolución. Sempre falamos dun traballo combinado coa parella que realiza os saques. Xogo libre con puntuación, modalidade de dobres ou individual a elixir.

10º Sesión: O drive. Golpes a media pista a ambos os dous lados. Desprazamentos a utilizar. Enlazar un drive lado dereito e outro ao lado esquerdo. Saque e manter un peloteo de drives. Xogo a elixir dobres ou individual.

11º Sesión: Os golpes en rede. Os seus desprazamentos. Combinar saques curtos de dereito ou revés e devolucións en rede. Xogo de dobres levando a puntuación.

12ª Sesión: Remate e deixada longa no lado esquerdo. Todos os desprazamentos enlazados. Parellas saques e devolucións ás catro esquinas da pista. Xogo

13º Sesión: Folla de observación. Explicación de como utilizala, aspectos a observar, correccións e anotacións. Un alumno executará saques en distintas direccións e alturas en función do golpe que o seu compañeiro ten que executar. Este intentará devolvelos utilizando os golpes que serán obxecto de observación e posterior corrección. Ditos golpes así como a orden dos mesmos está recollida na folla de observación. Formáanse en tríos para poder levar o traballo de: observación, anotación e corrección. O traballo será posteriormente cualificado polo profesor.

14ª Sesión: Continuación do traballo de observación e corrección

15º Sesión: Organización dunha competición de clase utilizando as modalidades de dobres e individual. Aprender a utilizar unha acta. Arbitraxe. A puntuación e clasificación.

16ª Sesión: Continuación da competición

17ª Sesión: Finalización

18ª Sesión: Sesión extraordinaria coa asistencia dun técnico da Federación de bádminton acompañado de dous xogadores de nivel autonómico e nacional para levar a cabo unha demostración dos distintos golpes, sistemas de xogo, novidades e información xeral.

4.2.6. Recursos

Instalación: Pista polideportiva

Material: Raquetas, voantes, redes, postes, globos, pivotes.

4.2.7. Metodoloxía

O método será de tipo analítico en canto á aprendizaxe dos diferentes golpes e desprazamento, pero logo pasarase á súa combinación cos métodos globais.

Utilizarase tamén o ensino recíproco por ser moi aconsellable para estes alumnos de cara ao seu futuro profesional.

Os alumnos exemplificarán xogos, técnicas, actividades ou sesións, elaboradas por eles mesmos e dirixindo os seus compañeiros, co fin de vivenciar o papel de profesor e o mesmo tempo analizar, entre outros, a posta en práctica da sesión.

4.2.8. Avaliación:

Inicial:

Levarase a cabo na primeira e segunda sesión co fin de coñecer o nivel inicial dos alumnos-as. En función do observado farase nunha lista de recollida dos datos cos que adaptar a práctica si fose preciso.

- Os alumnos iranse avaliando a través da **folia de observación** utilizada dende a sesión 13 onde, ademais, se poderá comprobar o grao de execución técnica.
- Á súa vez **o profesor**, diariamente durante o tempo de xogo libre, irá **observando os alumnos e anotando nunha folia de observación** o seu grao de evolución e mellora.

4.2.9. Criterios específicos de avaliación

- Amosar con suficiencia os coñecementos sobre os diferentes recursos técnico técnicos, tácticos, reglamentarios, de acondicionamiento físico, didácticos y metodolóxicos susceptibles de seren utilizados na enseñanza/animación do badminton.
- Amosar con suficiencia, na práctica, as principais habilidades básicas e específicas relacionadas cos recursos técnicos, tácticos, reglamentarios, didácticos e metodolóxicos propios da enseñanza/animación do badminton.
- Amosar na teoría e na práctica, a capacidade para elaborar programas de enseñanza/animación do badminton orientados a recreación, para un grupo de persoas cunhas características dadas.
- Elaborar presentar as actividades e os traballos de forma metódica e ordeada.

4.2.10. Procedementos e instrumentos específicos de avaliación

- **Proba teórica escrita.** Realizarase na clase, nela os alumnos-as amosarán o seu grado de coñecemento do badminton, as fases de execución dos distintos golpes técnicos, o reglamento, a táctica, os recursos didácticos, instalacións necesarios para a práctica do badminton etc.
- **Proba práctica 1:** Utilizaremos unha ficha de observación onde o profesor detalla e analiza os golpes básicos nas súas fases de execución. O alumno ten que observar a un compañeiro e analizar a súa axecución técnica de cada un dos golpes recollidos nesa ficha. O mesmo tempo que observa ten que ir dando as indicacións verbais ou de outro tipo co fin de contribuir a corrección dos erros detectados .
- **Proba práctica 2 :** Participación nun evento no ámbito da clase aplicando un sistema de competición
- **Seguimento diário:** o profesor fará un seguimento diário do alumno no que terá en conta para a **nota de clase** unha serie de apartados especificados nos criterios de cualificación

4.2.11. Criterios de cualificación

1. Coa folla de observación, a observación diaria do profesor e a participación do evento na clase, valorarase a parte práctica da unidade e, calificarase **sobre 4,25** puntos.
2. A cualificación obtida neste apartado sumarase á obtida no examen escrito do trimestre, sendo requisito imprescindible, para que isto se leve a cabo, que o alumno-na obteñan no éxamen un **2,25 sobre 4,25**
3. **Nota de clase:** Asinarase un **1,50** a este apartado e iráselle descontando 0,25 por cada valoración negativa, considerando como negativo o seguinte:
 - 1.- As faltas de asistencia: **a partir da segunda** se lle desconta 0,25 da nota do trimestre
 - 2.- A Participación: non participa a título individual ou dentro do seu grupo.
 - 3.- A Actitude pasiva. Negarse a facer algunha das partes da sesión (quencemento, estiramientos, etc.)
 - 4.- Non atende as explicacións do profesor,
 - 5.- Non recolle o material cando lle corresponde: Temos a toda a clase organizada en grupos de tres alumnos para evitar perdas de tempo e un mellor control
 - 6.- Ausentase da clase sin avisar o profesor, ou antes de que este dé por rematada a clase
 - 7.- Utiliza o móbil na clase: o alumnado está advertido ao respecto. So se pode utilizar previa autorización do profesor por mor dunha urxencia ou por ser preciso para a elaboración dos traballos.

8.-Non recolle por escrito as clases nas que esta presente pero non pode facer práctica: o alumnado está advertido ao respecto.

9.- Non entrega as sesións que se recollen por escrito pasadas a limpo e en tempo

10.-Entrega os traballos fora da data establecida.

11.-Faltas de respecto os/as compañeiras ou o profesor.

12.- No traer a roupa ou calzado adecuado.

4.2.12. Mínimos esixibles.

- O alumno será capaz de realizar os golpes básicos do bádminton
- O alumno será capaz de identificar os elementos estruturais que determina o banminton.
- O alumno estará capacitado para observar os posibles erros de execución técnica así como para aplicar as súas correccións.
- O alumno realizará labores de arbitraje e cumprimentación dunha acta de xogo sen ningunha dificultade..
- Que o alumno-na coñece e ten asimilados os recursos básicos precisos dende o punto de vista técnico, reglamentario, didáctico e metodolóxico para a iniciación e práctica recreativas do badminton.

4.3.U.D. Terceira: O Prebeisboll

O prebeisboll procede do beisboll e do Sófbol. É unha actividade moi axeitada para nenos e nenas a partir dos 6 anos e, ademais é un modo simplificado de introducirse no mundo do Beisboll a calquera idade.

Con respecto ao Beisboll as súas vantaxes son que as súas regras máis simples permiten facilitar a aprendizaxe e posibilitan a introdución a este dunha forma máis rápida e lúdica, necesita pouco material e, practicamente calquera recinto deportivo ou campo é apropiado para a súa práctica.

Esta unidade ten incidencia directa sobre os obxectivos xerais enunciados no D.C.B. como:

- Aplicando os procedementos e os fundamentos científicos e didácticos oportunos, confeccionar e implementar programacións de ensino/animación de actividades físico-deportivas con implementos.
- Aplicar os fundamentos científicos e didácticos que deben considerarse no ensino para optimizar a aprendizaxe das habilidades específicas dos deportes con implementos.
- Analizar e executar as operacións necesarias para o desenvolvemento das actividades físico-deportivas con implementos.
- Caracterizar xogos de diferente tipo como recurso para optimizar aprendizaxes motoras e valorar a metodoloxía lúdica en animación.

4.3.1. Obxectivos didácticos

- Coñecer a orixe dos deportes de bate e as súas diversas manifestacións
- Coñecer as características do material e as instalacións onde se poden desenvolver estas actividades.
- Planificar actividades físico-deportivas con bate que permitan a participación de persoas de distinta idade e condición permitindo a adquisición das habilidades necesarias para a participación no xogo en situacións reais e cun mínimo de eficacia.
- Prever e valorar as situacións de risco que se poden presentar no desenvolvemento das actividades, adaptándoas á instalación dispoñible e utilizando os recursos necesarios

4.3.2. Contidos conceptuais

- Os xogos e deportes de bate. O material. As instalacións.
- O Beisboll e o Prebeisboll.
- Os diferentes xestos técnicos e a táctica a empregar no prebeisboll.
- O vocabulario usual do prebeisboll.
- O regulamento do prebeisboll.

4.3.3. Contidos procedimentais

- Realización das xestofomas e habilidades específicas do prebeisboll.
- Aplicación de formas xogadas para utilizar o traballo en colaboración cos compañeiros
- Realización de situacións de xogo en equipo.
- Análise crítico das decisións tomadas.

4.3.4. Actitudinais

- Valoración e aceptación da propia realidade corporal, as súas posibilidades e limitacións.
- Aceptación do comportamento dos demais, mantendo unha actitude crítica cara aos comportamentos incorrectos.
- Valoración positiva da importancia de elaborar unha estratexia para conseguir un obxectivo final.
- Valoración do ámbito recreativo das actividades físico-deportiva con bate.

4.3.5. Temporalización

1º Sesión. Asistir á proxección dun video de presentación da actividade así como das prácticas realizadas en cursos anteriores.

2º Sesión Explicación na pista do material a utilizar, o agarre da pelota, os xestos básicos. A modificación- adaptación do material, nº de xogadores, dimensións do terreo de xogo, nº de bases etc. En función da idade e o nivel do alumnado. Realización dos pases longos e as recepcións. Os lanzamentos á zona de Strike. O bateo. O traballo conxunto do receptor e lanzador.

3º Sesión. Batear e correr á 1º base. Incorporar os tres intentos de bateo (strik) e dous anulados (bóla).
Batear e correr 1º e 2º base.

4º Sesión. Xogo basee 1º. Equipos de 5 ou 6 con 4 bases. Campo máis reducido.

5º Sesión. Xogo base 2º. A partir do xogo base 1º. Los xogadores quedan na base que conseguiran, se non son eliminados fóra da base. Na seguinte quenda de bateo **intentarán conseguir máis bases.**

6º Sesión Competición entre equipos de 9 xogadores.

7º Sesión Finalizar a competición

4.3.6. Recursos

Instalación: Polideportivo

Material: Bates, pelotas, aros , tiza , pivotes.

4.3.7. Metodoloxía

Utilizarase o método global e a resolución de problemas.

4.3.8. Avaliación

Inicial: farase un sondeo na clase para coñecer o nivel de información que teñen. Esta é unha actividade pouco coñecida na práctica real. O nivel de partida soe ser baixo.

- Valorarase a asistencia e participación ás sesións prácticas, así como os coñecementos teóricos da unidade.

4.3.9. Criterios específicos de avaliación

Con esta unidade trátase de alcanzar as capacidades terminais enunciadas no D.C.B. como:

- Enumerar e describir os exercicios de acondicionamento físico, tarefas para o desenvolvemento das habilidades específicas e xogos xerais e predeportivos para que se poidan aplicar a actividades físico-deportivas con implementos
- Analizar a organización, o control e a realización de actividades físico-deportivas con implementos
- Elaborar programas de enseñanza/animación de actividades físico-deportivas con implementos para un grupo de persoas dunhas características determinadas..
- Analizar correctamente as regras básicas e as características das instalacións e o material das actividades físico-deportivas con implementos..

4.3.10. Procedementos e instrumentos específicos de calificación

1. **A parte práctica** valorarase dentro da calificación do trimestre a través dunha **lista de asistencia e participación**.
2. **A parte teórica** integrarase no exame escrito correspondente ao trimestre.

4.3.11. Criterios de calificación

1. **A parte práctica** valorarase dentro da calificación do trimestre no apartado de práctica no que se valora **sobre 4,25 puntos**.
2. Sempre será necesario **alcanzar 2,25 sobre 4,25 no exame escrito** do trimestre para poder aprobar.
3. **Listas de control e seguimento diario do alumno:** Terase en conta tódolos apartados contemplados **na nota de clase** partindo dunha nota de 1,50 e descontando 0,25 por cada apartado negativo.

4.3.12. Mínimos esixibles

- O alumno será capaz de identificar os elementos que determinan a estrutura do prebeisboll.
- O alumno será capaz de diferenciar as funcións ofensivas e defensivas que se van alternando no desenvolvemento do xogo
- O alumno-na será capaz de levar a cabo a puntuación dun encontro de prebeisboll.
- O alumno demostrará adquirir os coñecementos teóricos necesarios para poder levar a cabo o ensino do prebeisboll.

4.4.U.D. Parte cuarta: O Unihockey ou Floorball

As actividades con stick supoñen unha gama de habilidades que permiten ás persoas habituadas ao seu manexo gozar do seu tempo de ocio dunha forma máis ampla xa que logo é posible incorporar as ao manexo doutros implementos como poden ser os patíns, dando pé á práctica de actividades de stick e patinaxe.

Dende hai uns anos o hóckey adaptado (e o unihockey é unha adaptación) está a consolidar o seu lugar no deporte escolar e de ocio.

Este deporte pode xogar en calquera instalación sen necesidade de grandes infraestruturas e goza de gran popularidade entre todas as idades.

A iniciación pódese levar a cabo sen coñecementos previos especiais.

4.4.1. Obxetivos didácticos

- Adquirir os fundamentos básicos do Unihockey mostrando actitudes de colaboración no desenvolvemento das sesións.
- Analizar a variedade de recursos e espazos como elemento de xogo e actividade motora.
- Planificar e realizar actividades fisico-deportivas con material adaptado que permitan a participación de persoas de distinta idade e condición, permitindo a adquisición das habilidades necesarias para a devandita participación no xogo en situacións reais e, cun mínimo de eficacia.
- Asimilar habilidades con stick para a súa posterior incorporación a outras habilidades combinadas con patíns.

4.4.2. Contidos conceptuais

O Hóckey. Evolución e Modalidades .Características do Unihockey.
O stick. Partes, materiais. Diferenzas segundo a modalidade de xogo.
O terreo de xogo. Número de xogadores segundo a modalidade.
Regulamento.
Fundamentos técnicos-tácticos

4.4.3. Contidos procedimentais

- Xogos con stick. O agarre
- A condución con ambas as dúas caras
- O "push".El pulo da bóla para pasar ou tirar a porta.
- A recepción da bóla
- Precisión no pase e no tiro
- O "tacle". A acción defensiva.
- A situación reducida de xogo, 1 contra 1.
- A situación de superioridade numérica, 2 contra 1

- A aplicación dos recursos técnico-tácticos na competición.

4.4.4. Contidos actitudinais.

- Valoración da importancia da técnica para mellorar o deporte.
- Valoración do ámbito recreativo das actividades con stick.
- Aceptación dos ritmos de aprendizaxe, propios e dos compañeiros-ás.
- Respecto polas normas de seguridade.
- Colaboración na montaxe e recollida do material utilizado.
- A actitude fronte á competición.

4.4.5. Temporalización

1º Sesión: Video de presentación coa visualización das prácticas realizadas o curso anterior.

2ª Sesión: O material a utilizar, o terreo de xogo. O agarre. A posición básica do xogador. Xogos de manexo e conducción. Avaliación inicial.

3ª Sesión. Continuar co manexo e a conducción. Xogos .Os cambios de dirección. Paradas e detencións. Iniciarse no xogo de oposición. 1X1

4º Sesión. Repaso de todo o anterior. Comezar co "push". O pase e a recepción en carreira. Xogo con portería delimitada por conos en situacións de 2 x 2.

5º.Sesión. O caneo e a progresión coa bóla controlada en velocidade. Situacións de xogo de desigualdade numérica 2 x 1, 3 x 2 . Xogo global con aplicación de dúas normas.

6ª Sesión. Exercicios con limitación espazo temporal de 2 x 2, 3 x 3, 4x4. Xogo global con incorporación de 4 normas.

7ª Sesión. Xogo global con aplicación de todas as normas. Modalidade 5x5. Explicación do traballo práctico a desenvolver por parellas e sorteo destes para a súa preparación

8ª Sesión Montaxe e explicación do circuíto práctico técnico. Práctica individual do devandito circuíto que será avaliable. Xogo global 6 x 6

9º Sesión. Éxamen práctico do circuíto.

10º Sesión. Comezo da exposición e desenvolvemento práctico dos traballos por parellas ou trios, sobre o desenvolvemento dunha practica na que teñan que aplicar obxectivos, contidos, metodoloxía, correccións, é solucións as cuestións que sobre o terreo vaian xursindo e que lle plantexe o profesor.

11ª Sesión .Continuación do traballo por parellas ou trios.

12ª Sesión finalización do traballo por parellas ou trios.

4.4.6. Recursos

Instalación: Polideportivo

Material: Sticks, bólas, porterías, pivotes, asubíos,aros.

4.4.7. Metodoloxía

Buscarase o equilibrio entre as actividades destinadas á reprodución da técnica e patróns de movemento, e as actividades formuladas baseándose en situacións motoras onde o alumno deberá achar as respostas válidas para solucionar con éxito os problemas que se lle formulan. Combinarase o estilo directivo para a aprendizaxe técnica, así como o descubrimento guiado, e a resolución de problemas.

4.4.8. Avaliación:

Inicial:

No transcurso da primeira sesión pediráselle os alumnos-as que se desplacen pola pista co stick y a bola é evolucionen por ela facendo o que saiban.

Coa observación poderase determinar o grao de coñecemento da actividade e determinar que alumnos precisaran dunha actuación mais individualizada así como valorar a progresión na aprendizaxe.

- Avaliarase o grao de **habilidade técnica específica** ,así como a capacidade individual para levar a cabo tarefas definidas, semidefinidas ou non definidas en función dos obxectivos das sesións e das características dos alumnos-ás, así como dos contidos.
- **Os contidos conceptuais avaliaranse** nun exame escrito dentro do trimestre. Ao alumno proporcionaráselle a información necesaria a través de apuntamentos ,fotocopias, e páxinas web.

4.4.9. Criterios específicos de avaliación

Con esta unidade cóbrense practicamente todos os criterios de Avaliación recollidos no D.C.B.

4.4.10. Procedementos e instrumentos de avaliación.

- **Proba teórica escrita.** Realizarase na clase, nela os alumnos-as amosarán o seu grado de coñecemento do unihockey, a execución dos distintos xestos técnicos,o reglamento, a táctica,os recursos didácticos, instalacións necesarios para a práctica do unihockey etc.

- **Proba práctica:** consta de **duas partes** a primeira é individual e tratase **dun circuito técnico** onde o alumno intentará executar os xestos técnicos traballados na clase, é a **segunda e teórico-práctica específica e consiste nun traballo de grupo** onde o alumno amosará o seu grao de coñecemento de: a programación, desenrrolo é posta en práctica dunha parte da sesión, plantexamento de diferentes situacións de xogo con consecución de obxectivos , etc
- **Nota de clase: Listas de control e seguimento diario do alumno:** Terase en conta as faltas de asistencia ,actitude, participación, etc

4.4.11. Criterios de cualificación

A parte práctica terá dous apartados:

- **Un de execución técnica** onde, utilizando o profesor unha folla de observación, anotará os resultados obtidos polo alumno durante a execución dun percorrido en circuíto. Incorporáanse todos os xestos básicos traballados en clase e penalízanse os erros de execución. Esta parte cualificarase **sobre 2**.
- **Outro de capacitación para levar a cabo tarefas de ensino** - aprendizaxe a partir duns obxectivos determinados que se deberán alcanzar. Estas tarefas aplicarannas a toda a clase, e será un traballo a desenvolver en grupos reducidos. Calificarase **sobre 2,25**. Deberá de superar as dúas partes para considerar aprobada a práctica.
- **A parte teórica** avaliarase mediante un control escrito que estará integrado por toda a teoría correspondente ao trimestre. Calificarase sobre **4,25**, sendo necesario obter un 2,25 para considerar superada esa parte.
 - **Nota de clase:** Asinarase un **1,50** a este apartado e iráselle descontando 0,25 por cada valoración negativa, considerando como negativo o seguinte:
 - 1.- As faltas de asistencia: **a partir da segunda** se lle desconta 0,25 da nota do trimestre
 - 2.- A Participación: non participa a título individual ou dentro do seu grupo,
 - 3.- A Actitude pasiva. Non facer os quencementos ou algunha das partes, non estirar etc.
 - 4.-Non atende as explicacións do profesor,
 - 5.-Non recolle o material cando lle corresponde: Temos a toda a clase organizada en grupos de tres alumnos para evitar perdas de tempo e un mellor control
 - 6.-Ausentase da clase sin avisar o profesor, ou antes de que este dé por rematada a clase
 - 7.-Utiliza o móvil na clase: o alumnado está advertido ao respecto
 - 8.-Non recolle por escrito as clases nas que esta presente pero non pode facer práctica: o alumnado está advertido ao respecto.

9.- Non entrega as sesións que se recollen por escrito pasadas a limpo e en tempo. Recolle as sesións por escrito pero o contido e escaso ou incompleto.

10.- Entrega os traballos fora da data establecida.

11.- Faltas de respecto os/as compañeiros ou o profesor.

12.- Non traer roupa e calzado adecuado.

4.4.12. Mínimos esixibles

- O alumno será capaz de realizar todos os xestos técnicos básicos co menor grao de erro.
- O alumno será capaz de levar a cabo tarefas de ensino-aprendizaxe de forma que se alcancen todos os obxectivos formulados e, estas sexan adecuadas ao grupo tendo en conta a súa idade, e nivel.
- O alumno será capaz de identificar os elementos que determinan a estrutura do Unihockey.
- O alumno será capaz de diferenciar as funcións ofensivas e defensivas que se van alternando no desenvolvemento do xogo
- O alumno-na será capaz de levar a cabo a puntuación, e arbitrar encontro de Unihockey.
- O alumno demostrará adquirir os coñecementos teóricos necesarios para poder levar a cabo o ensino do Unihockey.

4.5.U.D. Quinta: A Patinaxe: As actividades con patíns e a integración do stick, exemplo o Streck Hockey.

A introdución dos patíns nesta unidade, e neste módulo ten unha dobre xustificación.

1. Permite unha aplicación e ampliación das actividades formuladas ao facilitar as tarefas de coordinación de dous deportes como son o hóckey en calquera das súas modalidades, así como a patinaxe en liña ou de eixes.
2. A súa incorporación no módulo de implementos libera de contidos ao módulo de deportes individuais que sería o máis adecuado se atendemos á súa clasificación. Ademais de todo o anterior as actividades con patíns e stick van permitir ampliar o abano de actividades a ofertar polo futuro técnico de cara a posibilitar a súa incorporación laboral.

4.5.1. Obxectivos didácticos

- Adquirir os fundamentos básicos da Patinaxe, e Streck hóckey mostrando actitudes de colaboración no desenvolvemento das sesións.
- Analizar a variedade de recursos e espazos como elemento de xogo e actividade motora.

- Planificar e realizar actividades físico-deportivas con material adaptado que permitan a participación de persoas de distinta idade e condición, permitindo a adquisición das habilidades necesarias para a devandita participación no xogo en situacións reais e, cun mínimo de eficacia.
- Asimilar habilidades con patíns, para a súa posterior incorporación a outras habilidades combinadas con stick
- Entender a patinaxe como un medio no cal caben distintas manifestacións da actividade física, que permiten ocupar o tempo libre, favorecendo a práctica permanente e evitando o sedentarismo.

4.5.2. Contidos conceptuais

Características dos patíns. Pre requisitos psicomotores na iniciación á patinaxe. A posición básica do patinador. Características Básicas das distintas formas de desprazamento. Niveis ou etapas na iniciación á patinaxe. Niveis ou etapas no perfeccionamento.

Modalidades do hóckey patíns. Características da patinaxe libre . Características da patinaxe artística. A introducción as coreografías Características do Hóckey patíns. Características do Hóckey en liña ou streck hóckey.

Regulamento básico. O terreo de xogo. Número de xogadores segundo a modalidade. Fundamentos técnicos-tácticos.

4.5.3. Contidos procedimentales

- A patinaxe cara a adiante
- A patinaxe con cambios de dirección.
- O Paso en cadea cara a diante
- Freadas básicas.
- O paso en cadea cara a atrás simultáneo e alterno.
- Os xiros
- O paso cruzado cara a diante e, cara a atrás.
- Os elementos técnicos da patinaxe
- As "Figuras" básicas.
- As coreografías básicas.
- Os saltos básicos.
- A conducción e o manexo da bóla e o stick no desprazamento con patíns
- Os xestos técnicos básicos do hóckey e, o streck
- A aplicación dos elementos técnicos en situación de xogo.
- A situación reducida de xogo, 1 contra 1.
- A situación de superioridade numérica, 2 contra 1

4.5.4. Contidos actitudinalis

- Valoración da importancia da técnica para **mellorar o deporte**.
- Valoración do ámbito recreativo das actividades con stick.
- Aceptación dos ritmos de aprendizaxe, propios e dos compañeiros-ás.
- Respecto polas normas de seguridade.
- Colaboración na montaxe e recollida do material utilizado.
- A actitude fronte á competición.

4.5.5. Temporalización

1º Sesión: Video de presentación coa visualización das prácticas realizadas o curso anterior.

2ª Sesión: O material a utilizar, o terreo de xogo. O equilibrio básico e a posición básica do patinador. O desprazamento con axudas. Avaliación inicial.

3ª Sesión. O equilibrio estático e dinámico. Desprazamentos básicos. Cambios de dirección. Freada en cuña

4º Sesión. Repaso de todo o anterior. Paso do patinador. Xogos onde se integren todos os elementos anteriores

5º. Sesión. A utilización de diverso material: aros, pelotas, para levar á práctica actividades que permitan integrar o traballado ata agora. Finalizar con balonmán sobre patíns.

6ª Sesión. Continuar co cambio de dirección. A freado de tacos. Circuito técnico. Finalizar con balonmán sobre patíns.

7ª Sesión O paso en cadea: Adiante, atrás, e alterno . A freada en "t".

8ª Sesión . Os xiros básicos. Iniciación dos saltos básicos alternos. Baloncesto con patíns.

9º Sesión. O paso cruzado adiante, e atrás. Introducción ao traballo de figuras simples e parellas.

10º Sesión. Introducción ás coreografías simples de grupo.

11ª Sesión .Continuación do traballo de coreografías..

12ª Sesión Sorteio dos traballos a expoñer e dirixir na práctica. Introducción do stick cos patíns. Xestos básicos. Xogo global.

13ª Sesión. Continuamos coa técnica básica de streck hóckey. Situacións de 1 x 1, 2 x 1. Xogo global.

14ª. Sesión. Situacións de 2 x 2, 3 x 2, 3x3. Xogo global con aplicación de normas básicas.

15ª Sesión. Partidións de streck hóckey con aplicación das normas básicas.

16º Sesión. Inicio do exame práctico mediante o desenvolvemento das situacións formuladas e sorteadas.

17ª sesión. Continuación do traballo de examen práctico iniciado o día anterior.

18ª Sesión. Finalización dos traballos do examen práctico.

19º Proxección na aula dos videos gravados en clase

20º e 21 Clase cun experto en Hockey a patíns

4.5.6. Recursos

Instalación: Polideportivo

Material: Patíns, Sticks, bólas, porterías, pivotes, asubío, equipo de música, colchonetas, petos.

4.5.7. Metodoloxía

Buscarase o equilibrio entre as actividades destinadas á reprodución da técnica e patróns de movemento, e as actividades formuladas baseándose en situacións motoras onde o alumno deberá achar as respostas válidas para solucionar con éxito os problemas que o profesor lle plantexa. Combinarase o estilo directivo para a aprendizaxe técnica, así como o descubrimento guiado, e a resolución de problemas.

4.5.8. Avaliación

Inicial: Primeiro recabarase información verbal respecto as experiencias previas para posteriormente e cunha folla de observación ir recollendo datos a medida que os alumnos-as evolucionan pola pista.

Farase un grupo aparte cos alumnos-as que carezan de experiencia previa da actividade dado a complexidade da mesma.

Avaliarase o grao de habilidade técnica específica, así como a capacidade individual para levar a cabo tarefas definidas, semidefinidas ou non definidas en función dos obxectivos das sesións e das características dos alumnos-ás, así como dos contidos.

Os contidos conceptuais avaliaranse nun exame escrito dentro do trimestre. Ao alumno proporcionaráselle a información necesaria a través de apuntamentos, fotocopias, e páxinas web.

4.5.9. Criterios específicos de avaliación.

Con esta unidade cóbrense practicamente todos os criterios de Avaliación recollidos no D.C.B.

4.5.10. Procedementos e instrumentos específicos de avaliación

- **Proba teórica escrita.** Realizarase na clase, nela os alumnos-as amosarán o seu grado de coñecemento do patinaxe, a execución dos distintos xestos técnicos, as modalidades, o streck hokey, o hockey a patins,o reglamento, a táctica,os recursos didácticos, instalacións necesarios para a práctica etc.
- **Proba práctica:** consta **dunha teórico-práctica específica e consiste nun traballo de grupo** onde o alumno amosará o seu grao de coñecemento de: a programación, desenrrolo é posta en práctica dunha parte da sesión., realización dunha progresión didáctica, corrección de erros nun xesto técnico ou ben unha corografía básica en parella ou grupo.
- **Seguimento diário:** o profesor fará un seguimento diário do alumno no que terá en conta a asistencia, participación, evolución e colaboración do alumno-na na sesión, actitude ,etc.

4.5.11. Criterios de cualificación

A parte práctica terá dos **apartados**:

- ✚ **Proba práctica individual** onde o alumno-na amose que e capaz de desplazarse cara adiante cos patins, realizar o paso do patinador, frenar, e cambear de dirección. **Cualificarase sobre 0,50**. Si o profesor o considera (a avaliación inicial da unidade didáctica dinos que o grupo de alumnos parte dun bo nivel) esta proba podese suprimir e a súa cualificación pasaría a sumarse a outra parte práctica.
- ✚ **Capacitación para levar a cabo tarefas de ensino** -aprendizaxe a partir duns obxectivos determinados que se deberán alcanzar. Estas tarefas aplicaranas a toda a clase, e será un traballo a desenvolver en grupo reducido. **Cualificarase sobre 1,50**,..tendo en conta que na mesma avaliación valorarase outros contidos prácticos correspondentes a última parte e que completaran con un 2,25 o apartado correspondente á parte práctica.
- ✚ **A parte teórica** avaliarase mediante un control escrito que estará integrado por toda a teoría pertencente ao trimestre. Sempre será necesario alcanzar 2,25 **sobre 4,25** no exame escrito do trimestre para poder aprobar.

3. **Nota de clase** Asinarase un **1,50** a este apartado e iráselle descontando 0,25 por cada valoración negativa, considerando como negativo o seguinte:

- 1.- As faltas de asistencia: **a partir da segunda** se lle desconta 0,25 da nota do trimestre
- 2.- A Participación: non participa a título individual ou dentro do seu grupo,
- 3.- A Actitude pasiva. Buscar excusas para non poñer os patíns, Pasar tempo parado,etc.
- 4.-Non atende as explicacións do profesor,
- 5.-Non recolle o material cando lle corresponde: Temos a toda a clase organizada en grupos de tres alumnos para evitar perdas de tempo e un mellor control
- 6.-Ausentase da clase sin avisar o profesor, ou antes de que este dé por rematada a clase
- 7.-Utiliza o móvil na clase: o alumnado está advertido ao respecto
- 8.-Non recolle por escrito as clases nas que esta presente pero non pode facer práctica: o alumnado está advertido ao respecto.
- 9.- Non entrega as sesións que se recollen por escrito pasadas a limpo e en tempo.Recolle as sesións por escrito pero o contido e escaso ou incompleto.
- 10.-Entrega os traballos fora da data establecida.
- 11.-Faltas de respeto os/as compañeiras ou o profesor.
- 12.- Non traer a roupa e o calzado adecuado

4.5.12. Mínimos esixibles

- **O alumno será capaz de realizar todos os xestos técnicos básicos co menor grao de erro.**
- O alumno será capaz de levar a cabo tarefas de ensino-aprendizaxe de forma que se alcancen todos os obxectivos formulados e, estas sexan adecuadas ao grupo tendo en conta a súa idade, e nivel.
- Que o alumno sexa capaz de identificar os erros na execución dos distintos xestos técnicos e aportar solucións.
- O alumno será capaz de identificar os elementos que determinan a estrutura do Streck hóckey e o hockey a patins.

4.6.U.D. Sexta: O Tenis e Minitenis

O tenis pasou de ser un deporte reservado a determinados sectores da sociedade, a ser un deporte ao alcance de todos, achegándose a ámbitos como, o educativo dentro dos centros docentes, ou o municipal a través das escolas deportivas municipais.

Por este motivo e, porque o currículo así establéceo, é polo que o incorporo dentro do módulo.

O tenis é un deporte moi estendido mundialmente, o cal pódese practicar de forma individual como por parellas, incluíndo a práctica de persoas con minusvalideces e a competición regulada que existe do tenis en cadeira de roda.

4.6.1. Obxetivos didácticos

- Adquirir os fundamentos básicos do Tenis mostrando actitudes de colaboración no desenvolvemento das sesións.
- Analizar a variedade de recursos e espazos como elemento de xogo e actividade motora.
- Planificar e realizar actividades físico-deportivas con material adaptado que permitan a participación de persoas de distinta idade e condición, permitindo a adquisición das habilidades necesarias para a devandita participación no xogo en situacións reais e, cun mínimo de eficacia.
- Asimilar habilidades con raquetas, para a súa posterior incorporación a outras modalidades.
- Entender o Tenis como un medio no cal caben distintas manifestacións da actividade física, que permiten ocupar o tempo libre, favorecendo a práctica permanente e evitando o sedentarismo.

4.6.2. Contidos conceptuais

Orixe do tenis. O tenis en España. O terreo de xogo e o material a utilizar. Os xogadores. Desenvolvemento do xogo. Elementos fundamentais da técnica. Os golpes básicos. Os golpes especiais. Os fundamentos técnicos. As empuñaduras. A técnica dos golpes básicos. Aspectos tácticos fundamentais. O ensino do tenis. O Minitenis.

4.6.3. Contidos procedimentais

- Desenvolvemento de habilidades motoras básicas co material específico do tenis
- Realización dos gestoformas e habilidades básicas do tenis
- Utilización e aplicación eficaz dos elementos técnicos, tácticos e regulamentarios propios do tenis.
- Tarefas globais que impliquen a utilización da pista de tenis ou, do pavillón polideportivo
- Observación das execucións sacando consecuencias lóxicas dos posibles erros e achegando actuacións posibles para a súa corrección.
- Planificación e utilización do tenis con fins recreativos.

4.6.4. Contidos actitudinais

- Valoración da importancia da técnica para mellorar o deporte.
- Valoración do ámbito recreativo das actividades con raqueta
- Aceptación dos ritmos de aprendizaxe, propios e dos compañeiros-ás.
- Respecto polas normas de seguridade.
- Colaboración na montaxe e recollida do material utilizado.
- A actitude fronte á competición.

4.6.5. Temporalización

1º Sesión: Video de presentación coa visualización das prácticas realizadas o curso anterior.

2ª Sesión: O material a utilizar, o terreo de xogo. Avaliación inicial. Familiarización (1) e xogos.

3ª Sesión. Familiarización (2) e xogos. O xogo de pés. Posición do xogador na pista. O Drive. A Volea.

4º Sesión. Repaso de todo o anterior. O saque. O revés a unha man. Circuito de 4 estacións no pavillón onde se traballe toda a técnica vista ata ese momento.

5º. Sesión. Drive por parellas. O revés a unha man, repaso. Voleas cerca da rede do lado dereito e do lado izquierdo..El saque, repaso.

6ª .Sesión. Revés a dúas mans. Saque e resto. Xogos de aplicación. Peloteo 2x 2.

7ª Sesión Circuito técnico onde se traballen todos os xestos vistos ata o momento. O rei da pista

8ª Sesión Combinación de dous golpes en pista. Traballar a un solo quenda. Xogos con puntuación. 1x1.

9º Sesión. Traballar a dobre quenda combinando dous golpes. A puntuación e xogo en **pista** de 2 x 2..

10º Sesión. Sorteio dos traballos prácticos a desenvolver por parellas. Preparación destes.

11ª Sesión .Video técnico na aula.

12ª Sesión Comezar a exposición e desenvolvemento dos traballos de exame práctico.

13ª Sesión. Continuar exame práctico.

14º Sesión. Finalización.

15º Proxección na aula dos videos gravados en clase

4.6.6. Recursos

Instalación: Polideportivo e, pistas de tenis

Material: Raquetas, Pelotas, pivotes, globos, aros, cuerdas, redes.

4.6.7. Metodoloxía

Buscarase o equilibrio entre as actividades destinadas á reprodución da técnica e patróns de movemento, e as actividades formuladas baseándose en situacións motoras onde o alumno deberá achar as respostas válidas para solucionar con éxito os problemas que se lle plantexan. Se combinará o estilo directivo para a aprendizaxe técnica, así como o descubrimento guiado, e a resolución de problemas.

4.6.8. Avaliación

Inicial:Primeiro recabarase información verbal respecto as experiencias previas para posteriormente e, cunha folla de observación ir recollendo datos a medida que os alumnos-as evolucionan pola pista utilizando o material.

Avaliarase o grao de habilidade técnica específica, así como a capacidade individual para levar a cabo tarefas definidas, semidefinidas ou non definidas en función dos obxectivos das sesións e das características dos alumnos-ás, así como dos contidos.

Os contidos conceptuais avaliaranse nun exame escrito dentro do trimestre. Ao alumno proporcionaráselle a información necesaria a través de apuntamentos, fotocopias, e páxinas web.

4.6.9. Criterios específicos de avaliación

Con esta unidade cóbrense practicamente todos os criterios de Avaliación recollidos no D.C.B.

4.6.10. Procedementos e instrumentos específicos de avaliación

- **Proba teórica escrita.** Realizarase na clase, nela os alumnos-as amosarán o seu grao de coñecemento do mini-tenis, o tenis, a execución dos distintos xestos técnicos, as modalidades, o reglamento, a táctica, os recursos didácticos, instalacións necesarios para a práctica etc.
- **Proba práctica:** consta dunha teórico-práctica específica e consiste nun traballo de grupo onde o alumno amosará o seu grao de coñecemento de: a programación, desenrolo é posta en práctica dunha parte da sesión., realización dunha progresión didáctica, corrección de erros dun xesto técnico, xogos con raqueta, etc
- **Nota de clase:** o profesor fará un seguimento diario do alumno no que terá en conta a asistencia, participación, evolución e colaboración do alumno-na na sesión.

4.6.11. Criterios de cualificación

A parte práctica terá un ou dous **apartados dependendo das necesidades do grupo**:

1A - Capacitación para levar a cabo tarefas de ensino -aprendizaxe a partir duns obxectivos determinados que se deberán alcanzar.

Estas tarefas aplicaranas a toda a clase, e será un traballo a desenvolver en grupo reducido.

1B- Ejecución técnica de: saque, devolución, drive e revés

Cualificarase sobre 2,25..

2- A parte teórica avaliarase mediante un control escrito que estará integrado por toda a teoría pertencente ao trimestre. Sempre será necesario alcanzar 2,25 sobre 4,25 no exame escrito do trimestre para poder aprobar.

3- Nota de clase Asinarase un **1,50** a este apartado e iráselle descontando 0,25 por cada valoración negativa, considerando como negativo o seguinte:

1.- As faltas de asistencia: **a partir da segunda** se lle desconta 0,25 da nota do trimestre

2.- A Participación: non participa a título individual ou dentro do seu grupo,

3.- A Actitude pasiva.

4.-Non atende as explicacións do profesor,

5.-Non recolle o material cando lle corresponde: Temos a toda a clase organizada en grupos de tres alumnos para evitar perdas de tempo e un mellor control

6.-Ausentase da clase sin avisar o profesor, ou antes de que este dé por rematada a clase

7.-Utiliza o móbil na clase: o alumnado está advertido ao respecto

8.-Non recolle por escrito as clases nas que esta presente pero non pode facer práctica: o alumnado está advertido ao respecto.

9.- Non entrega as sesións que se recollen por escrito pasadas a limpo e en tempo.Recolle as sesións por escrito pero o contido e escaso ou incompleto.

10.-Entrega os traballos fora da data establecida.

11.-Faltas de respecto os/as compañeiras ou o profesor.

12.- Non traer a roupa e o calzado adecuado

4.6.12. Mínimos esixibles

- O alumno será capaz de realizar todos os xestos técnicos básicos co menor grao de erro.
- O alumno será capaz de levar a cabo tarefas de ensino-aprendizaxe de forma que se alcancen todos os obxectivos formulados e, estas sexan adecuadas ao grupo tendo en conta a súa idade, nivel e intereses..
- O alumno será capaz de identificar os elementos que determinan a estrutura do Tenis e Minitenis.

- O alumno será capaz de identificar os erros na execución dos distintos xestos técnicos e buscar as solucións os mesmos.

5. Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

1. Os alumnos/as teñen dereito a que o seu rendemento escolar se avalíe con plena obxectividade.
2. O proceso de avaliación será continuo o longo de todo o proceso formativo.
3. Permitirase ata un máximo de un 10% de faltas a clase para manter o dereito a avaliación continua.
4. Teranse en conta as circunstancias persoais e laborais dos alumnos/as na xustificación de faltas conforme o establecido no RRI do centro.
5. O alumno/na que perda o seu dereito a avaliación continua terá dereito a realizar unha proba extraordinaria que se realizará con anterioridade á avaliación final do módulo.
6. O alumno/na que esgotara as convocatorias máximas poderá solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha convocatoria extraordinaria sempre e cando se atope e xustifique documentalmente calquera das circunstancias que contempla a lexislación vixente (Doenza prolongada propia ou familiar, discapacidade, violencia de xénero ou circunstancia que condicione ou impida o desenvolvemento ordinario de estudos).
7. COMO MÍNIMO O ALUMNO/NA DEBERÁ SER CAPAZ DE:
 - 7.1 Programar contidos de calquera dos deportes de implemento prácticos: Bádminton, unihockey ou floorball, prebeisboll, patinaxe, strekhockey, tenis e outros, tendo en conta os obxectivos e características individuais.
 - 7.2 Xestionar as instalacións e recursos materiais precisos para o desenvolvemento de actividades conforme a criterios de eficiencia e seguridade.
 - 7.3 Organizar, dirixir e motivar sesións dos deportes de implemento nos diferentes contextos de aplicación
 - 7.4 Ensinar de xeito eficiente a técnica e táctica dos deportes de implemento practicos.
 - 7.5 Desenvolver de xeito eficiente a condición física precisa para o xogo.
8. A CALIFICACIÓN EN CADA TRIMESTRE TERÁ EN CONTA:

a) A avaliación do esforzo, interese, actitude mostrado polos alumnos/as para aprender e mellorar supón o 15%.

O instrumento de avaliación empregado será un rexistro anecdótico da conducta amosada.

b) A avaliación do dominio das habilidades específicas propias de cada un dos deportes supón un 20% da cualificación do trimestre. O instrumento de avaliación empregado será unha proba práctica de cada deporte.

c) A avaliación dos traballos teóricos e/ ou prácticos (deseño e posta en práctica de sesións ou partes da sesión cos compañeiros como alumnos, corrección de erros e deseño de solucións, etc) desenvolto ao longo do trimestre sobre un ou varios dos deportes, supón o 22%.

d) A avaliación da aprendizaxe dos alumnos/as supón un 42% da cualificación do trimestre. O instrumento de avaliación empregado será a proba escrita, a cal poderá incluír preguntas de resposta múltiple e/ou preguntas de resposta curta e ou resolución de supostos prácticos.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.1. Procedemento para definir as actividades de recuperación

1.-Si unha vez finalizados os procedementos de avaliación previstos para a última unidade didáctica algún alumno-na non cumpre os criterios de cualificación e os mínimos esixibles contemplados no procedemento de avaliación continua, se lle aplicarán, sempre que sexa posible, os mesmos –o equivalentes– procedementos de avaliación para cada unidade didáctica no que acadou a valoración negativa conducen a tal situación.

2.-Ditas probas levaranse a cabo a modo de **recuperación** dentro do período de avaliación ordinaria e atendendo aos mínimos esixibles e deberán considerarse como procedementos de avaliación final, ordinaria o extraordinaria según proceda, o que poderá requirir a presentación dos correspondentes traballos e a súa posterior defensa.

3.-Aplicarase unha metodoloxía baseada na resolución de problemas, e o aprendizaxe práctico, coa realización de actividades expositivas, actividades guiadas, actividades que estimulen o aprendizaxe autónomo e co emprego de TIC.

✚ Cabe a posibilidade de que aqueles alumnos que estando no 2º curso de TAAFAD e teñan pendente o módulo de implementos poidan ir recuperando ao longo do curso as prácticas suspensas. Para elo deberán poñerse en contacto co profesor responsable do módulo para establecer as pautas (si o horario e as instalacións o permiten)

6.2. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua: Examen final

- a) alumno/a que perda e seu dereito a avaliación continua terá dereito a realizar unha proba extraordinaria que se fará con anterioridade á avaliación final do módulo
- b) A proba extraordinaria de avaliación deberá medir de xeito mínimo as capacidades terminais elementais asociadas á unidade de competencia 4 do Ciclo: Ensinar e dinamizar actividades físico-deportivas con implementos
- c) **A proba teórica** poderá conter preguntas cas que o alumno amose coñecer todos os contidos seguintes:
 - ✚ Contidos conceptuais da parte primeira,
 - ✚ Contidos conceptuais da parte segunda
 - ✚ Contidos conceptuais da parte terceira
 - ✚ Contidos conceptuais da parte cuarta
 - ✚ Contidos conceptuais da parte quinta
 - ✚ Contidos conceptuais da parte sexta.

Tamén poderá conter resolución de supostos prácticos,.

O ALUMNO DEMOSTRARÁ ADQUIRIR OS MÍNIMOS ESIXIBLES DE CADA PARTE.

1. **Unha proba práctica** onde se lle poderá pedir que:
 - Que execute todos os xestos técnicos do Bádminton, Unihockey, Prebeisboll, patinaxe, tenis, e streck hóckey.
 - Que Leve a cabo unha observación dos posibles fallos técnicos, dos diversos deportes traballados en clase, aplicando as observacións e correccións necesarias.
 - Que desenvolvaá as progresións dos diversos xestos técnicos que compoñen os deportes e actividades deportivas formuladas en clase.

6.3. Criterios de cualificación:

- Cada parte cualificarase sobre 10.
- Para considerar superado o módulo deberá obter un 5 na parte teórica, e un 5 na parte práctica.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

1.- Faranse reunións de departamento periódicas para o seguimento da programación didáctica do módulo.

2.-Na reunión farase unha valoración xeral das actividades de ensino-aprendizaxe realizadas ata o momento, especialmente no que afecta o tempo que precisan para o seu correcto desenvolvemento, a metodoloxía, os resultados de avaliación obtidos e as oportunas medidas de axuste que se propoñen para a mellora da práctica docente.

3.-O remate do curso e con anterioridade ó 30 de Xuño, farase unha memoria cos datos xerais do curso e unha relación de propostas concretas e xustificadas de mellora para o vindeiro curso, especialmente no que afecta as instalacións, os recursos, as actividades, a metodoloxía, avaliación e a temporalización dos contidos.

Empregaremos os seguintes indicadores de logro para **avaliar o proceso de ensino**

| Indicadores de logro do proceso de ensino Evaluar el proceso de enseñanza-aprendizaje | Escala | | | |
|--|--------|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.Fixar un nivel de dificultade adecuado ás características do alumnado | | | | |
| 2.Crear un conflito cognitivo que favorece a aprendizaxe | | | | |
| 3.Motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado | | | | |
| 4.Conseguir a participación activa de todo o alumnado | | | | |
| 5.Contar co apoio e a implicación das familias no traballo do alumnado | | | | |
| 6.Contacto periódico coa familia por parte do profesorado | | | | |
| 7.Atender axeitadamente á diversidade do alumnado | | | | |
| 8.Utilizar distintos instrumentos de avaliación | | | | |
| 9.Valorar realmente a observación do traballo na aula | | | | |
| 10.Valorar axeitadamente o traballo participativo do alumnado | | | | |

1 Indica logro mínimo ou inexistente;2, logro baixo;3, logro importante; e 4, o logro total dexesado

E os seguintes indicadores **para avaliar a práctica docente**

| Indicadores de logro da practica docente evaluar a práctica docente: | Escala | | | |
|--|--------|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.Explicar, como norma xeral, para todo o alumnado | | | | |
| 2.Explicar individualmente a cada alumno e alumna cando o precise | | | | |
| 3.Elaborar actividades atendendo á diversidade | | | | |
| 4.Utilizar distintas estratexías metodolóxicas en función dos temas a tratar | | | | |
| 5.Combinar o traballo individual co traballo en equipo | | | | |
| 6.Incorporar as TIC aos procesos de ensino- aprendizaxe | | | | |
| 7.Prestar atención aos elementos transversais | | | | |
| 8.Correxir de forma rápida os traballos e as probas | | | | |
| 9. Debater cos alumnos sobre a corrección das probas e traballos | | | | |
| 10.Adequar os apois e reforzos aos estándares de aprendizaxe | | | | |
| 11. Implicarse nas funcións de titoría e orientación | | | | |
| 12. Avaliar a eficacia dos programas de apoio, reforzo e recuperación | | | | |
| 1 Indica logro mínimo ou inexistente;2, logro baixo;3, logro importante; e 4, o logro total dexesado | | | | |

E importante tamén establecer unhas indicadores de logro para ver a grado de desenvolvemento da programación e tamén para valorar as necesidades de modificacións que fan falla. Para isto empregaremos a seguinte táboa:

| Indicadores do grao de desenvolvemento da programación e da necesidade de realizar modificacións nela | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| 1. Respetar a secuenciación e temporalización previstas das unidades didácticas | | | | |
| 2.- Respetar o grao mínimo de consecución fixado para cada estándar | | | | |
| 3. | | | | |
| 4.Seguir una estratexia metodolóxica común en todo o departamento | | | | |
| 5.Utilizar todos os materiais didácticos previstos | | | | |
| 6.Respetar o plan de avaliación inicial | | | | |
| 7.Respetar as pautas xerais establecidas para o proceso de avaliación continua | | | | |
| 8.Repectar os criterios establecidos para as recuperacións | | | | |
| 9.Respetar os criterios establecidos para a avaliación final | | | | |
| 10. Respetar os criterios establecidos para a avaliación extraordinaria | | | | |
| 11.Repectar os criterios establecidos para a avaliación das materias pendentes | | | | |

| | | | | |
|---|--|--|--|--|
| 12. Establecer medidas de atención a diversidade cando sexan necesarias | | | | |
| 13. Informar ao titor/ra das dificultades na aprendizaxe do alumnado | | | | |
| 14. Realizar as actividades complementarias previstas | | | | |
| 15. Informar as familias sobre os criterios de avaliación, estándares e instrumentos (AULA VIRTUAL) | | | | |
| 16. Informar as familias sobre os criterios de promoción (AULA VIRTUAL) | | | | |
| 17. Integrar as tic no desenvolvemento da materia | | | | |
| 18. Realizar un seguimento continuado do desenvolvemento da programación | | | | |

8. Medidas de atención á diversidade

8.1. Procedemento para a realización da avaliación inicial

1. Temporalización: na primeira semana de clase pasaráselle ao alumnado un cuestionario que lle permita ao profesor do módulo saber:
 - 1.- cales son as experiencias e coñecementos que o alumno ten con relación ao módulo de implementos
 - 2.- En base a esta información prepárase a primeira proba práctica de avaliación inicial a aplicar ao comezo das sesións prácticas
2. A xuntanza da avaliación inicial Convocada pola titora de 1º do ciclo farase despois de un mes a partir do comenzo do curso.
3. Obxectivos:
 - a) Coñecer as características, capacidades e formación previa dos alumnos/as.
 - b) Orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

3. Metodoloxía:

O titor/a do curso aportará información relevante sobre aspectos que incida no proceso educativo dos alumnos/as. Entre outras fontes, a información poderá obterse de:

- a) Os informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, d ser o caso.
- b) Os estudos académicos ou as ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- c) O alumno matriculado sen titulación académica de acceso.
- d) A experiencia profesional previa.

- e) Os informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- f) A observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.
- g) En ningún caso esta avaliación inicial comportará cualificación para o alumnado.

8.2. Medidas de reforzamento educativo para o alumnado que non responde globalmente aos obxectivos programados

1.- No caso de alumnos/as con necesidades educativas especiais:

- ✚ Adaptación das condicións de accesibilidade ó centro
- ✚ Adaptación dos recursos de apoio.
- ✚ Flexibilización para cursar o módulo cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral(require autorización administrativa).

2.- No caso de alumnos/as con dificultades de aprendizaxe:

- ✚ Actividades de reforzamento individualizadas
- ✚ Favorecer un método de aprendizaxe baseado na práctica, experiencia e investigación a partir de intereses dos alumnos/as, estudos de caso e o emprego de recursos TIC
- ✚ Deseño de probas de avaliación en coherencia cos métodos propostos

9. Aspectos transversais

9.1. Actividades complementarias e extraescolares

- ✚ Asistir unha sesión de badminton cun grupo de xogadores de elite.
- ✚ Realizar unha introdución ao padel cun monitor especialista e nas instalacións dun club de padel
- ✚ Participación no coñecemento de deportes con implemento e alternativos que dispoñen de clubs no entorno de Santiago
- ✚ Asistir a un par de sesións con un especialista en xockey a patíns

9.2. Programación da educación en valores

Obxectivo: exercer a cidadanía democrática desde unha perspectiva global e adquirir unha conciencia cívica responsable inspirada polos valores da Constitución española e máis polos dereitos humanos, que fomente a construción dunha sociedade máis xusta e equitativa

Actividades: Análise e debate sobre principios e valores que recolle a Constitución española aplicados ás actividades que se poderían proponer en deportes con implemento.

Temporalización: ao longo do mes de novembro

Avaliación: componentes dos traballos teórico-prácticos do 1º trimestre

10. Modificacións propostas a programación do curso anterior.

Introducense novos mecanismos de avaliación da práctica docente e da programación.

Santiago Outubro do 2017